

**SUXEITO PASIVO (1)**

PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO				
NOME OU RAZÓN SOCIAL			NIF/NIE/CIF		Nº SUXEITOS PASIVOS (2)	
NOME VÍA PÚBLICA			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA
CÓD. POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA		TELÉFONO		

**REPRESENTANTE**

NIF	PRIMEIRO APELIDO		SEGUNDO APELIDO		NOME	
NOME VÍA PÚBLICA			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA
CÓD. POSTAL	MUNICIPIO	PROVINCIA		TELÉFONO		

**REFERENCIAS DO INMOBLE**

REFERENCIA CATASTRAL (3)	TIPO DE INMOBLE					
	<input type="checkbox"/> SOLAR/TERREO EDIFICABLE <input type="checkbox"/> EDIFICIO <input type="checkbox"/> PISO <input type="checkbox"/> LOCAL COMERCIAL <input type="checkbox"/> PRAZA DE GARAXE <input type="checkbox"/> TRASTEIRO <input type="checkbox"/> OUTROS					
SITUACIÓN ( RÚA, PRAZA OU LUGAR )			NÚM.	ESC.	PISO	PORTA
CONCELLO						

**DOCUMENTO**

IDENTIFICACIÓN DO ACTO OU NEGOCIO XURÍDICO (4)			COEFICIENTE QUE SE TRANSMITE (5)		
<input type="checkbox"/> PÚBLICO <input type="checkbox"/> PRIVADO	DATA DO DOCUMENTO	NOTARIO OU FEDATARIO		NÚM. PROTOCOLO	
<input type="checkbox"/> TRANSMISIÓNS MORTIS CAUSA	DATA DO FALECIMENTO	NOME DO CAUSANTE		NIF CAUSANTE	

DATA DE DEVENGO (6)	DATA DA TRANSMISIÓN ANTERIOR (7)
---------------------	----------------------------------

A presente declaración fórmulase para os efectos de que pola parte do Concello de Fene faga a oportuna liquidación deste imposto.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA: ("Inter vivos")

- Copia simple do documento público ou privado.
- Fotocopia de DNI, NIE ou CIF do suxeito pasivo ou suxeitos pasivos si son varios.
- Fotocopia do recibo do IBI do último exercicio.
- Fotocopia documento que acredite a data de adquisición do ben ou dereito obxecto de transmisión.

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA: (" Mortis causa ")

- Fotocopia de DNI, NIE ou CIF do suxeito pasivo ou suxeitos pasivos si son varios.
- Fotocopia certificado de defunción.
- Fotocopias certificado últimas vontades.
- Fotocopia testamento ou declaración de herdeiros.
- Fotocopia documento que acredite a data de adquisición do ben ou dereito obxecto de transmisión.

\_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_\_\_\_  
O/A QUE DECLARA

## IMPOSTO SOBRE O INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA INFORMACIÓN XERAL

### PRAZO PARA PRESENTAR A DECLARACIÓN:

- Nos actos ou contratos "inter vivos", trinta días hábiles contados desde o seguinte a aquel ó que tivera lugar a transmisión.
- Cando se trate de transmisións " mortis causa ", o prazo é de seis meses contados desde o día do falecemento do causante, prorrogables ata un ano por solicitude do suxeito pasivo antes do vencemento dos primeiros seis meses.

Se a declaración se presenta fóra do prazo sen requirimento previo, a liquidación que practique a administración sufrirá, segundo o atraso, as seguintes recargas: ata 3 meses, 5%; máis de 3 ata 6 meses, 10%; máis de 6 ata 12 meses, 15%; e máis de 12 meses, 20%, aínda que neste último caso esixirante, ademais, xuros de mora dende o día seguinte ó remate dos 12 meses posteriores á finalización do prazo establecido para presentación ata o momento no que a declaración se presentase.

### DOCUMENTACIÓN QUE DEBE XUNTARSE:

- Copia simple do documento público ou privado no que conste o acto ou contrato que orixina a imposición, no caso de transmisión "Inter vivos"; certificación de defunción, certificación de últimas vontades e testamento ou declaración de herdeiros para transmisións " mortis causa".
- Fotocopia do DNI/NIE/CIF dos suxeitos pasivos.
- Fotocopia do recibo do imposto sobre bens inmobles correspondentes ó último exercicio posto para cobramento.
- Documentación que acredite a data de adquisición do ben ou dereito obxecto da transmisión.

### INSTRUCCIÓNS PARA CUBRIR O MODELO

- É suxeito pasivo a persoa física ou xurídica, ou, se é o caso, algunha das entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei xeral tributaria ( herdanzas xacente, comunidades de bens,... ), obrigada a presentar declaración e a ingresar o importe da débeda tributaria. Consonte co artigo 106 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, teñen a condición de suxeito pasivo:
  - Nas transmisión de terreos ou na constitución ou transmisión de dereitos reais a título lucrativo, o adquirente do terreo ou a persoa ou entidade a favor de que se constituía ou transmita o dereito real do que se trate.
  - Se o acto ou negocio xurídico que orixina a transmisión é a título oneroso, é suxeito pasivo o transmítente do terreo ou a persoa ou entidade que constituía ou transmita o dereito real de que se trate. Agora ben, se tal condición recae nunha persoa física non residente en España, terá a condición de suxeito pasivo substituto do contribuínte a persoa ou entidade que adquira o terreo ou a favor de quen se constituía ou transmita o dereito real correspondente.
- Se son máis dun os suxeitos pasivos, especifique aquí o seu número. Neste caso poderá calquera deles, en nome propio e no dos demais, presentar unha única declaración pola totalidade do obxecto tributario.
- Segundo os datos do último recibo/liquidación do imposto sobre bens inmobles ( IBI ).
- Compravenda, herdanza, doazón, legado, usufruto, uso, habitación, permuta, expropiación, poxa, etc.
- Todo, parte indivisa, superficie, superficie ou coeficiente de propiedade.
- Nos casos ou contratos "inter vivos", a do documento da escritura pública. Se se trata de documentos privados, tomarase a data da súa presentación perante o concello impositor.
  - No caso das transmisións " mortis causa ", atenderase á data de falecemento do causante ou, se é o caso, á de adquisición de firmeza da declaración de falecemento do ausente.
  - Na poxas xudiciais, administrativas ou notariais, tomarase excepcionalmente a data do auto ou providencia que aproba o remate se nel queda constancia da entrega do inmovible. Se no é así, tomarase a data do documento público.
  - Nas expropiacións forzosas, a data da acta de ocupación e pagamento.
- Consigne aquí a data da transmisión inmediatamente anterior da propiedade ou do dereito real de que se trate, ou a de constitución deste último.

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE FENE, con dirección PRAZA DO ALCALDE RAMON SOUTO GONZALEZ S/N, 15500 - FENE (A CORUÑA); SECRETARIA@FENE.GAL.

1.- dpo: O Delegado de Protección de Datos do CONCELLO DE FENE é Servizos de Adaptación Continua en Protección de Datos RB, S.L. có que poderá contactar en [SECRETARIA@FENE.GAL](mailto:SECRETARIA@FENE.GAL).

2.- finalidade do tratamento: Os datos serán utilizados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia.

O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado

Prazo de conservación: os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas derivadas da prestación do servizo

3.- lexitimación: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga ao realizar a solicitude de prestación do servizo.

4.-destinatarios de cesións: CONCELLO DE FENE non cederá os seus datos de carácter persoal.

5.- dereitos: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos.

CONCELLO DE FENE dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, nas nosas instalacións ou por correo electrónico en SECRETARIA@FENE.GAL, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.